

1. **Ante a noticia do diagnóstico dun cancro, as persoas experimentan distintas emocións. Identifica a emoción que predomina en cada un dos seguintes casos clínicos:**

a) Caso de Alba (60 anos)

Alba, cun cancro de páncreas avanzado, chora frecuentemente e conta que xa non ten interese polas actividades coas que antes disfrutaba. A miúdo comenta que sente que a súa vida perdeu o sentido e que non deixa de pensar no que deixará atrás e no impacto que isto terá nos seus seres queridos.

Que emoción predomina en Alba?

b) Caso de Inés (55 anos)

Inés recibiu recentemente un diagnóstico de cancro de mama durante unha revisión anual de rutina. Desde entón, non deixa de pensar en como este problema afectará a súa vida e á súa familia. Adoita preguntar moito nas citas médicas sobre a esperanza de vida e as posibles complicacións. Conta que lle custa moito durmir e que sempre imaxina o peor, como a dor e o sufrimento que podería chegar a experimentar.

Que emoción predomina en Inés?

c) Caso de Laura (48 anos)

Laura foi diagnosticada cun cancro de ovario en fase avanzada. Acusa aos médicos de non descubrir o cancro a tempo e séntese moi inxustamente tratada. Di que lle molesta ver outras persoas sen problemas de saúde, porque pensa que non valoran o que teñen. Este sentimento tamén a leva a discutir con amigos e familiares, aínda que despois se sente mal por reaccionar así.

Que emoción predomina en Laura?

d) Caso de Antonio (70 anos)

Antonio, fumador dende moi novo, foi diagnosticado cun cancro de pulmón. Desde entón, non pode evitar pensar en que podería ter evitado a súa situación se deixara de fumar antes. A miúdo dilles aos seus fillos que lamenta moito non ter coidado mellor da súa saúde, e non deixa de recordar os seus "erros" do pasado. Este arrepentimento afecta incluso a súa disposición para seguir adiante co tratamento.

Que emoción predomina en Antonio?

e) Caso de María (45 anos)

A María diagnosticáronlle cancro de colon, e dende entón experimenta unha gran tensión constante. Conta que sente unha opresión no estómago e que, cada vez que ten que esperar resultados de probas, entra nun estado de nerviosismo extremo. Esta tensión tamén está afectando o seu peso e a súa capacidade para concentrarse no traballo, xa que os seus pensamentos sempre volven aos exames e ao tratamento.

Que emoción predomina en María?

f) Caso de Carmela (68 anos)

Carmela, diagnosticada cun cancro de fígado, comezou a chamar moito á súa filla pedíndolle axuda para as tarefas cotiás. Non quere quedar soa e pide constantemente compañía, incluso para citas médicas simples. Expresa moito medo a que lle pase algo cando non está acompañada e séntese máis tranquila só cando ten alguén ao seu lado.

Que emoción predomina en Carmela?

g) Caso de José (50 anos)

José foi diagnosticado cun linfoma e, dende entón, comezou a afastarse de amigos e familiares. Prefire quedar na casa e evita contestar chamadas ou responder mensaxes. Di que non quere ser unha carga para os demais nin que sintan pena por el, polo que opta por manterse distante e sen contar o que lle pasa.

Que emoción predomina en José?

h) Caso de Manuel (62 anos)

Manuel foi diagnosticado cun cancro de pulmón en fase inicial, pero insiste en que non é nada serio e que os médicos deben estar equivocados. Evita facer probas adicionais e asegura que o diagnóstico non é correcto. Continuou coas súas actividades diarias coma se non pasara nada e evita falar deste tema coa súa familia, convencido de que non hai de que preocuparse.

Que emoción predomina en Manuel?

2. **Le o seguinte caso clínico e responde ás preguntas:**

Contexto:

Lucía: Nai de 42 anos, recentemente diagnosticada con cancro de mama.

Manuel: Pai de 44 anos, moi involucrado na vida familiar e emocionalmente afectado pola noticia, pero buscando apoiar a Lucía en todo momento.

Fillos:

- *Sofía: 4 anos, en preescolar.*
- *Diego: 8 anos, en primaria.*
- *Carlos: 15 anos, na adolescencia.*

Escenario:

Lucía e Manuel deciden que será Lucía quen lle explique aos seus fillos o que está pasando, para que escoiten directamente dela. Sentan xuntos no salón unha tarde tranquila, e Lucía empeza a falar.

a) **Que recomendacións lle darías a Lucía e Manuel para darlles a noticia a:**

- **Sofía?**
- **Diego?**
- **Carlos?**

3. **Le o seguinte caso clínico e responde ás preguntas:**

Paciente: *Elisa, de 62 anos, diagnosticada hai 6 meses de cancro de mama en estadio III, actualmente en tratamento con quimioterapia adyuvante.*

Historia clínica:

A paciente acude a consulta porque síntese cada vez máis débil e con dificultade para realizar as súas actividades diarias, a pesar de descansar o suficiente durante a noite. Refire que, desde o inicio do seu tratamento, notou que o seu nivel de enerxía diminúe de maneira progresiva, e que tarefas tan sinxelas como vestirse ou camiñar ata a cociña resultan esgotadoras. Ademáis, comenta que lle custa concentrarse na lectura e en actividades cotiás, como ver a televisión ou conversar con familiares.

Síntomas adicionais:

- *Dor nas articulacións e nos músculos (especialmente nas extremidades).*
- *Alteracións no sono, despertándose varias veces durante a noite e con sensacións de incomodidade física.*
- *Pérdida de apetito nas últimas semanas, notando que xa non goza das comidas como o facía antes.*
- *Dificultades para lembrar acontecementos recentes ou detalles de conversas.*

Exame físico:

- *Signos vitais estables, pero con signos de desnutrición leve (pérdida de peso nos últimos dous meses).*
- *Capacidade de mobilidade limitada en comparación co seu estado previo, parece cansada incluso despois de permanecer sentada durante períodos curtos.*
- *Non se observan outros signos de infección nin complicacións relacionadas co tratamento.*

- Que síntoma principal parece estar afectando máis á paciente?**
- Que consecuencias psicolóxicas poderían derivarse deste síntoma?**
- Que recomendación lle darías a Elisa para mellorar a súa sintomatoloxía?**

4. Le o seguinte caso clínico e contesta ás preguntas:

Paciente: Julián, de 55 anos, diagnosticado de cáncer de colon estadio IIIB, recentemente iniciado tratamento con quimioterapia adyuvante

Historia clínica:

*O paciente acude á consulta para revisión de seguimento do seu tratamento oncolóxico. Durante a consulta, refire estar ****ben**** no xeral, sen cambios importantes no seu estado de saúde. Non menciona ningún síntoma novo e comenta que segue as indicacións médicas sen problemas.*

Síntomas:

- *Apetito preservado e sen perda de peso significativa.*
- *Enerxía dentro dos niveis habituais e continúa realizando as súas actividades diarias, como o traballo e o lecer.*
- *Non refire náuseas ou vómitos relacionados co tratamento.*
- *A pesar de todo isto, a súa esposa, que o acompaña á consulta, menciona que nas últimas semanas observa que o paciente se queixa de dor na zona do abdomen, especialmente despois das comidas, e tamén se amosa máis irritable e reservado nas conversas familiares.*

Exame físico:

- *O exame físico é normal sen sinais evidentes de metástases ou complicacións inmediatas.*
- *Ausencia de febre ou signos de infección.*
- *Non se detectan masas palpables ou alteracións significativas no abdomen, mais o paciente rexeita manobras de presión na zona inferior do abdomen (sen indicar claramente que lle causa dor).*

Historia psicológica:

- O paciente refire sentirse preocupado pola continuidade do seu traballo xa que recentemente houbo cambios na súa vida laboral. De feito, menciona que está facendo un esforzo por "mantener as aparencias" e non amosar debilidade ou queixas aos seus familiares e médicos.

- A súa esposa menciona que en varias ocasións comentou que, por non querer cargar aos seus seres queridos coas súas molestias preferiría non falar das súas sensacións de incomodidade.

- a) **Julián parece que está tratando de ocultarlle a dor aos médicos. Cales son os principais motivos polos que algúns pacientes fan iso?**
- b) **Que consecuencias pode ter esta ocultación do síntoma para o paciente?**
- c) **Indica unha forma a través da cal o paciente poda comunicar o grado de dor que padece:**
- d) **En relación ás técnicas non farmacolóxicas para alivio de dor, a relaxación pode ser moi útil. Cal é a xustificación da utilidade da relaxación?**
- e) **Cita 7 consellos que poden axudar a Julián a estar máis relaxado:**